

Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2025

Capítulo I. Disposicións xerais

1. Obxecto

Esta convocatoria ten por obxecto regular as axudas para a formación de persoal investigador predoutoral concedidas a esta universidade de acordo coa Orde do 9 de decembro 2024, publicada no *Boletín Oficial do Estado* (BOE) do 12 de decembro de 2024, pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2024 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos ditos proxectos, no marco do Programa estatal para a investigación e o desenvolvemento experimental, no marco do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2027. O identificador da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (ID BDNS) é 801943.

2. Finalidade

As axudas desta convocatoria teñen como finalidade a formación de novas persoas doutoras mediante a realización dunha tese de doutoramento asociada a un proxecto de investigación incluíndo o financiamento dos custos de contratación do persoal investigador predoutoral, de estancias en centros de I+D e dos gastos de matrícula derivados das ensinanzas de doutoramento.

Así mesmo, estas axudas inclúen un período de orientación posdoutoral (POP) destinado ao perfeccionamento e á especialización profesional deste persoal investigador, por un período máximo de 12 meses, sempre que a obtención do doutoramento se produza durante o período de execución da actuación.

3. Número de contratos, características e conceptos financiábles

Convócanse **7** contratos predoutorais de formación de persoal investigador vinculados, cada un deles, de maneira unívoca a un proxecto de investigación financiado de acordo coa Orde do 09/12/2024 antes referida. Resérvase un contrato para persoas cunha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento que, de non ser cuberto nesta quenda de reserva, se acumulará á quenda de acceso xeral. Os proxectos financiados, concedidos á Universidade da Coruña, a partir de agora UDC, conforme á resolución de concesión de contratos predoutorais do 09/12/2025 son os seguintes:

Referencia Contrato	Referencia Proxecto	Título	Investigador Principal	Liña de Investigación
FPI-UDC2025/01	PID2024-160181OB-I00	Modelos numérico avanzados para interacción fluído estrutura e optimización de futuros deseños de sistemas de turbinas eólicas <i>offshore</i>	LUIS RAMÍREZ PALACIOS / IVÁN COUCEIRO AGUIAR	Optimización estrutural aplicada a sistemas de xeración de enerxía eólica mariña

FPI-UDC2025/02	PID2024-161111OB-I00	Microsimulación, análise xeoespacial e ciencia de datos para unha mobilidade sostible	MARGARITA NOVALES ORDAX / ALFONSO ORRO ARCAÏ	Mobilidade sostible e sistemas de transporte urbano e metropolitano
FPI-UDC2025/03	PID2024-161677OB-I00	Ferramenta para a planificación estratéxica do almacenamento enerxético proveniente de fontes de enerxías renovables mariñas en España	LAURA CASTRO SANTOS/ ALMUDENA FILGUEIRA VIZOSO	Enerxías renovables mariñas
FPI-UDC2025/04	PID2024-157636NB-100	Crise política e sistema penal multiescalar	PATRICIA FARALDO CABANA/ XULIO XOSÉ FERREIRO BAAMONDE	Gobernanza multiescalar na evolución da xustiza e do sistema penal, con especial atención ao impacto da normativa UE sobre IA, o Pacto UE sobre Migración e Asilo e os obxectivos de desenvolvemento sostible
FPI-UDC2025/05	PID2024-157964OB-C22	SMART DATA para unha análise multicolor da Vía Láctea en Gaia (II)	JOSÉ CARLOS DAFONTE VÁZQUEZ/ MINIA MANTEIGA OUTEIRO	Técnicas de IA para validación e explotación astrofísica dos arquivos da misión Gaia
FPI-UDC2025/06	PID2024-162223OB-I00	Aliñación motivacional autónoma e robusta en robots	JOSÉ ANTONIO BECERRA PERMUY/ RICHARD JOSE DURO FERNÁNDEZ	Aliñación autónoma do comportamento de robots intelixentes cos propósitos dos usuarios e as normas sociais
FPI-UDC2025/07	PID2024-155905OB-I00	Coidados de longa duración. Mercados e desigualdades. Axencias de intermediación. Plataformas dixitais e cooperativas de traballadores	RAQUEL MARTÍNEZ BUJÁN	Coidados de longa duración, desigualdades sociais e o impacto das plataformas dixitais, as cooperativas e as empresas multiservizo na provisión

Os sete contratos predoutorais que agora se convocan estarán condicionados á concesión definitiva dos proxectos.

4. Duración

As actuacións terán unha duración máxima de catro anos.

O período de execución iníciase na data de incorporación do persoal investigador contratado ao seu posto de traballo. No marco das actuacións e dentro da duración máxima, financiarase un período de orientación posdoutoral unha vez obtido o título de doutor/a, sempre que a obtención do título se produza durante o período de execución da actuación, cunha duración máxima de doce

meses, destinado ao perfeccionamento e á especialización profesional deste persoal investigador. Sen prexuízo do que está disposto en materia de interrupcións e prórrogas do prazo de execución da actuación no artigo 25.7 da mencionada Orde do 09/12/2024.

O persoal contratado con cargo á axuda predoutoral poderá colaborar en tarefas docentes dun departamento universitario, coa autorización previa da propia universidade, ata un máximo de 180 horas durante a extensión total da axuda, e sen que en ningún caso se poidan superar as 60 horas anuais.

5. Financiamento

As actuacións financiarán os seguintes conceptos: o custo de contratación, o custo da indemnización á finalización do contrato, os gastos derivados da realización de estancias en centros de I+D e da matrícula nas ensinanzas de doutoramento.

A elección do centro de I+D para a estancia, as actividades para desenvolver nela e a autorización para a execución da estancia serán responsabilidade da UDC mediante o procedemento que para tal fin se estableza.

En relación coa axuda para o financiamento do contrato, a axuda anual será de 31 000 euros para a primeira, a segunda, a terceira e cuarta anualidade. Esta axuda, así como o importe total da axuda de 3 200 euros para cubrir o custo da indemnización á finalización do contrato, cofinanciarase con cargo ao Fondo Social Europeo Plus (FSE+) e será imputada á seguinte partida orzamentaria de gastos da UDC 0599251264 541A 6400006.

Pola súa banda, a axuda para cubrir gastos derivados da realización de estancias en centro de I+D e da matrícula nas ensinanzas de doutoramento terá un importe total de 7 000 euros e será imputada á seguinte partida orzamentaria 0599251264 541A 48001.

A elixibilidade dos diferentes conceptos con cargo á axuda atenderá ao que está estipulado na Orde do 09/12/2024 antes referida, pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2024 do procedemento de concesión de axudas a «Proxectos de Xeración de Coñecemento» e a actuacións para a formación de persoal investigador predoutoral asociadas aos ditos proxectos, no marco do Plan estatal de investigación científica, técnica e de innovación 2024-2027.

6. Requisitos das persoas solicitantes

Sen prexuízo dos requisitos de carácter xeral establecidos no RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público sobre acceso ao emprego público, esta convocatoria está destinada á contratación de persoas tituladas universitarias que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes reúnan os seguintes requisitos:

- Estar admitidas ou matriculadas nun programa de doutoramento oficial da Universidade da Coruña para o curso 2025-26. Tamén poderán ser solicitantes todas aquelas persoas que, no momento de presentar a solicitude, aínda que non estean matriculadas ou admitidas nun programa de doutoramento, estean en disposición de o estar na data en que se formalice o contrato.
- Que non iniciasen a súa formación predoutoral con financiamento doutras axudas destinadas á formación predoutoral a través do desenvolvemento dunha tese de doutoramento que se

outorgasen no marco do Plan estatal de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica ou dalgún dos anteriores plans nacionais.

- Que non posúan o título de doutoramento de ningunha universidade española nin estranxeira.
- Que non se beneficiasen, previamente á presentación da solicitude, dun contrato predoutoral por tempo superior a dezaioito meses.

Independentemente destes requisitos, a persoa finalmente seleccionada ha de estar matriculada nun programa de doutoramento da UDC, con dedicación a tempo completo na data de inicio do contrato. Este requisito deberase manter durante toda a duración do período predoutoral.

Capítulo II. Proceso de selección

7. Presentación de solicitudes

As persoas interesadas presentarán as solicitudes a través do rexistro electrónico da Sede da Universidade da Coruña, https://sede.udc.gal/services/telematic_register dirixidas ao vicerreitor de Investigación e Transferencia, **indicando na solicitude a referencia do contrato a que se opta e acompañadas da seguinte documentación:**

- Currículo
- Un arquivo pdf precedido dun índice en que, en relación co currículo citado no apartado anterior, se acheguen os documentos dos méritos que se aleguen, así como as ligazóns ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos ou calquera outra cuestión que se considere oportuna.
- Certificación académica no caso de non cursar os estudos na UDC
- Declaración responsable de que se cumpren os requisitos esixidos na convocatoria e da veracidade dos datos (anexo III).

En caso de non poder presentar a solicitude a través do rexistro electrónico da Sede da Universidade da Coruña, é preciso enviar un correo electrónico á Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores (coordinacion.investigacion@udc.gal).

8. Publicación e notificación

Os actos do procedemento sucesivos á convocatoria que lles deban ser notificados ás persoas solicitantes publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO). A publicación dos actos do procedemento substituirá a notificación e producirá os seus mesmos efectos, conforme ao que dispón o artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, as datas de publicación dos distintos actos e resolucións serán as que determinen o inicio do cómputo de prazos.

9. Admisión de participantes

O prazo de presentación das solicitudes será de **10 días hábiles** a partir do día seguinte ao da publicación no TEO.

Unha vez que finalice o prazo de presentación de solicitudes, o Servizo de Investigación publicará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas con indicación, neste último suposto, da causa de exclusión, nun prazo máximo de 3 días hábiles.

Se todas as persoas solicitantes resultan admitidas, a lista provisional de persoas admitidas e excluídas considerarase definitiva para todos os efectos e publicaráse no TEO no prazo de 3 días hábiles.

As persoas solicitantes que resulten excluídas ou aquelas que non resulten nin admitidas nin excluídas dispoñerán dun prazo de 5 días hábiles, que se contará a partir da publicación da referida resolución, para presentar as alegacións que estimen convenientes.

Unha vez resoltas as alegacións, publicaráse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

10. Comisiones de selección

As comisións de selección estarán constituídas por persoas investigadores pertencentes ao equipo de investigación de cada proxecto ou á súa área de coñecemento.

A composición das comisións axustarase aos requisitos derivados da normativa de paridade vixente. Nominativamente terán a composición que se recolle no anexo I.

11. Avaliación e selección de candidaturas

Tras a publicación da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, as comisións de selección procederán, no prazo máximo de 5 días hábiles, a convocar e constituír para, a continuación, valorar os méritos alegados e acreditados polas persoas candidatas conforme os criterios de valoración/puntuación recollidos no baremo (anexo II).

12. Proposta de selección provisional

As comisións de selección emitirán unha proposta de selección provisional coas persoas seleccionadas xunto cunha acta que recolla a puntuación outorgada a cada unha das persoas participantes en cada un dos apartados do baremo que se establece no anexo II. Esta proposta enviaráselle por correo electrónico á Sección de Xestión de Convocatorias e Axudas a Investigadores (coordinación.investigación@udc.gal). As citadas propostas serán publicadas no TEO.

A partir do día seguinte á publicación da dita proposta, as persoas candidatas dispoñerán de 5 días hábiles para presentar reclamacións. As reclamacións presentaranse a través do Rexistro electrónico da Sede da Universidade da Coruña, dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia.

13. Resolución de concesión

A comisión de selección resolverá as alegacións no prazo máximo de 3 días hábiles. Unha vez que se resolvan as reclamacións presentadas, cada comisión de selección emitirá a súa proposta de selección definitiva que incluírá as persoas seleccionadas en cada proxecto, unha lista de candidaturas suplentes e a acta coas puntuacións desagregadas das persoas participantes. As citadas propostas serán publicadas no TEO.

Cada comisión de selección remitiralle a súa proposta ao reitor, que ditará a resolución de concesión que se publicará no TEO.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Reitoría da Universidade da Coruña, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da súa publicación, ou ben directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses que contan a partir do día seguinte ao da publicación.

14. Formalización dos contratos

As persoas seleccionadas serán contratadas baixo a modalidade de contrato predoutoral, regulada no artigo 21 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (a partir de agora LCTI) e o Real decreto 103/2019, do 1 de marzo, polo que se aproba o Estatuto do persoal investigador predoutoral en formación.

A incorporación deberase producir no prazo máximo de seis meses, que conta desde o día seguinte ao da publicación na páxina web da Axencia Estatal de Investigación da resolución definitiva de concesión dos proxectos de investigación. A incorporación do persoal investigador predoutoral ao seu posto de traballo será necesariamente o día 1 do mes que corresponda.

No caso de que as persoas fosen contratadas, previamente, baixo a modalidade de contrato predoutoral, a duración do contrato non poderá exceder do máximo establecido no artigo 21.c) LCTI. Se durante a execución da axuda se producise a extinción do contrato ou a súa desistencia por parte da persoa contratada, a Universidade poderá contratar outra persoa da lista de candidaturas suplentes xerada para cada contrato ou, no caso de que non existise esa lista, iniciar un novo procedemento de selección.

O período que transcorra entre a extinción ou a desistencia do contrato e a incorporación dunha nova persoa non poderá ser superior a 3 meses. Independentemente de que se poidan contratar no marco da actuación diferentes persoas, a duración máxima da actuación será, en todo caso, de catro anos, que contan desde a data de incorporación da primeira persoa contratada.

Anexo I. Comisiones de selección

Referencia Contrato	Comisión de selección	Suplentes
FPI-UDC2025/01	Luís Ramírez Palacios (presidente), Iván Couceiro Aguiar (secretario), Ignasi Colominas Ezponda (vogal)	Laura Edreira Marzoa Xesús Nogueira Garea
FPI-UDC2025/02	Margarida Novales Ordax (presidenta), Alfonso Orro Arcay (secretario), Miguel Rodríguez Bugarín (vogal)	Francisco Alberto Varela García José Benito Pérez López
FPI-UDC2025/03	Laura Castro Santos (presidenta), Almudena Filgueira Vizoso (secretaria), Ana Isabel García Díez (vogal)	José Luis Mier Buenhombre Carolina Camba Fabal
FPI-UDC2025/04	José Ángel Brandariz García (presidenta), Luz María Puente Aba (secretaria), Xulio X. Ferreiro Baamonde (vogal)	María Ángeles Fuentes Loureiro David J. Soto Díaz
FPI-UDC2025/05	Minia Manteiga Outeiro (presidenta), José Carlos Dafonte Vázquez (secretario), Cristina Rodríguez López (vogal)	Marco A. Álvarez González Daniel Garabato Míguez
FPI-UDC2025/06	Richard J. Duro Fernández (presidente), José A. Becerra Permuy (secretario), Sara Guerreiro Santalla (vogal)	Francisco Javier Bellas Bouza Anne Marie Elisabeth Gosset
FPI-UDC2025/07	Raquel Martínez Buján (presidenta), Laura Suárez Grimalt (secretaria), Eleder Piñeiro Aguiar (vogal)	Ricardo Molero Simarro María Teresa Martín Palomo

Anexo II. Baremo de avaliación

1. Traxectoria académica e/ou científico-técnica da persoa candidata (0-50 puntos)

- 1.a) Achegas científico-técnicas (0-45 puntos). Valorarase o expediente académico e outros méritos curriculares da persoa candidata, así como a súa adecuación ás tarefas para realizar en función da formación e a experiencia profesional.
- 1.b) Mobilidade e internacionalización (0-5 puntos). Valorarase a relevancia e o impacto na súa traxectoria investigadora das estancias da persoa candidata en centros nacionais e internacionais e/ou no sector industrial, atendendo ao prestixio da entidade de recepción da estancia e á actividade desenvolvida nela.

2. Adecuación da persoa candidata ás actividades e investigación para desenvolver (0-50 puntos).

Valorarase a adecuación da persoa ao programa, proxecto ou actividades de investigación que se van desenvolver en función da súa formación e experiencia previas. Para iso terase en conta o valor engadido que a realización do proxecto representará para a súa carreira investigadora, así como o valor que achegue ao centro e ao equipo receptor.

Anexo III. Declaración responsable

Convocatoria de contratos predoutorais FPI-UDC 2025

DECLARACIÓN RESPONSABLE

(Art. 7 da convocatoria)

, co DNI/pasaporte , que presento
a miña candidatura FPI ao proxecto PID2024-xxxxxxx-xxx.

DECLARO que son certos os datos consignados na solicitude, que reúno as condicións esixidas na convocatoria e que me comprometo a cumprir todas as obrigacións desta, así como a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

E para que conste, asino este documento dixitalmente.

(sinatura)